

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día trece de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 19 DE DECEMBRO DE 2011.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 19 de decembro de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión anterior de 19 de decembro de 2011.

2º) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2011. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno, ós efectos do disposto no Art. 191.3 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo en relación co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, da liquidación do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2011 aprobada por Decreto de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2012 obrante no expediente cos informes e documentación preceptivos.

O Concello Pleno dáse por enterado.

3º) INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2011. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno, ós efectos do disposto no Art. 191 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo; é en cumprimento do disposto no Art. 16.2 do R.D. 1463/2007 de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de decembro de estabilidade orzamentaria; o informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento municipal de 2011, elaborado pola Interventora Municipal con data 23 de xaneiro de 2012, incorporado ó expediente da Conta Xeral do devandito exercicio. O Concello Pleno dáse por enterado.

4º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXERCICIO DE 2012) POR IMPORTE DE 14.705,71 €. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó concello pleno da proposta de Alcaldía de data 9 de febreiro de 2012, obrante no expediente do epígrafe, que a seguir se transcribe integramente:

“Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante o rexistro durante o mes de xaneiro de 2012 de facturas correspondentes a gastos do exercicio 2011 que contaban coa oportuna dotación orzamentaria.

Visto o informe de Intervención de data 1 de febreiro, donde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o fosen en aquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos seguintes, correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto ao expediente, por importe total de 14.705,71 euros.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2012 os correspondentes créditos, con cargo ás partidas que corresponda, das que debe efectuarse a correspondente retención.”

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, e na súa consecuencia o recoñecemento extrajudicial de créditos por importe de 14.705,71 € de referencia.

5º) RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL A DATA DO 31 DE DECEMBRO DE 2011.-ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2011. Consonte ós datos obrantes no citado expediente, o cómputo do importe das altas minorado co importe das baixas, determinan un importe de 187.299,75 € polo que con data 31 de decembro de 2011 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 11.106.686,80€.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2011 nos termos anteriormente transcritos.

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Ó ACONDICIONAMENTO E MELLORAS NA PARADA DE TAXIS DA AVDA. DIPUTACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Marco López dáse lectura íntegra e explícase a moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

A actividade desenvolvida polos taxistas é unha responsabilidade privada de interese público especial denominado legalmente como “servizo público impropio”. Así e todo, os poderes públicos impoñenlles inspeccións, cargas tarifarias e autorizacións previas que teñen que acatar. Ese control da Administración debería obrigar as autoridades a implicarse na mellora das

condicións nas que os taxistas desenvolven a súa actividade e a responsabilizarse das deficiencias do servizo que son alleas aos propios profesionais.

A cabina telefónica situada na Avenida Deputación de Xove, á altura da Cafetería Mera, foi utilizada hai tempo polos usuarios dos taxis do noso municipio, pero na actualidade atópase nun máis que lamentable estado e en completo desuso. Este aparello perdeu a súa funcionalidade por, entre outros, dous motivos clave: estar obsoleta e atoparse instalada na marxe contraria a unha das paradas de taxi do noso municipio.

Asemade é función da Administración municipal, como garante dos intereses públicos e colectivos, sinalar debidamente a ubicación das paradas oficiais de taxi e velar tamén para que o grande espazo que ocupa a cabina situada sobre a beirarrúa non provoque molestias aos peóns tal e como vén acontecendo a cotío.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1) Instar o goberno do Concello de Xove a fin de que realice as xestións necesarias para proceder á retirada da cabina telefónica dos taxistas situada na Avenida Deputación de Xove á altura da Cafetería Mera.

2) Exhortar o executivo local para que dispoña a instalación de sinais verticais nas paradas coa finalidade de identificar de xeito claro a ubicación dos vehículos que ofrecen este servizo fundamental.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que o seu grupo está totalmente de acordo co contido da moción, e que xa se iniciaron conversas co colectivo de taxistas para proceder á retirada da cabina e para mellora-la sinalización das paradas.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Iglesias Guerreiro que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros e, coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

7º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 2/2012 POR IMPORTE DE 8.057,58€ APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimesmo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a inexistencia de crédito en dúas partidas do Estado de Gastos referidas a outros tantos proxectos de investimento aos que se refire a Providencia desta Alcaldía que inicia o expediente.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.664.576,48 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda solicitada do INEGA ao abeiro do seu Plan renove de Iluminación Interior, para acometer o cambio de luminarias na escola infantil e no ximnasio municipais.

| <i>Partida</i> | <i>Denominación</i> | <i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i> | <u>AUMENTO</u> | <i>Consignac. Final</i> | <u>FINALIDADE</u> |
|----------------|---|--|-----------------|-----------------------------|--|
| 321.632 | <i>Educación preescolar. Investimento e de reposición en edificios</i> | 0,00 | 6.004,73 | 6.004,73 | <u>CAMBIO LUMINARIAS ESCOLA INFANTIL (P. 8/12)</u> |
| 342.632 | <i>Instalacións deportivas. Investimento de reposición en edificios</i> | 0,00 | 2.052,85 | 2.052,85 | <u>CAMBIO LUMINARIAS XIMANSIO (P. 9/12)</u> |
| TOTAL | | | 8.057,58 | | |

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.011.

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 2/2012 de Modificación de Créditos por importe total de **OITO MIL CINCUENTA E SETE EUROS E CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (8.057,58€)***

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2/2012 do Orzamento Municipal de 2012 por importe de 8.057,58€, reflectido na propoŝta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Marco López preséntanse neste intre as preguntas que a seguir se transcriben:

1º) Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPON:

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana (IBI). Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013; e varía entre o 10%, 6% e 4% en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011

PREGUNTAS:

Tendo en conta a situación económica municipal cualificada de "moi boa" en diferentes ocasións por membros do goberno xovense, ten pensado o executivo local algunha

actuación para compensar este incremento impositivo practicado polo Partido Popular desde o goberno do Estado?

Apoia o goberno municipal de Xove esta invasión das competencias locais e a inxerencia do goberno do Estado nos mecanismos tributarios e na autonomía financeira do noso Concello?

2º) *Marco López López, Concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPON:*

A Consellaría de Traballo e Benestar anunciou que este ano aportará 12.000 euros para a Escola Infantil dependente do noso Concello, cantidade que sairá dun orzamento autonómico que reduciu en 2,5 millóns de euros a partida destinada ao mantemento das escolas infantís municipais para este exercicio .

PREGUNTAS:

Diante desta subvención irrisoria que veñen de anunciar, informou o goberno local á Xunta dos gastos reais que supón o mantemento a Escola Infantil de Xove?

A canto ascende a minoración da asignación autonómica para este fin en relación ao ano 2011 ? E a respecto do 2010?

Obrigarán este recorte a un futuro incremento na cota mensual que veñen aboando as familias usuarias deste servizo?

Polo Sr. Alcalde manifestase que ó abeiro do disposto no Art. 97.7 paragrafo 3º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, dará contestación ás preguntas transcritas na vindeira sesión plenaria, unha vez recabados os datos e información pertinentes.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo